Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 18 DE NOVEMBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 18 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 221

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOQUEIXÓN

Expediente 2026/G015/000002. Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón

Con data 09.09.2026 na sesión ordinaria do Pleno do Concello aprobouse inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal Raiña Lupa de Boqueixón.

Con data 25.09.2026 publicouse o anuncio correspondente á dita aprobación inicial no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 184, iniciándose un prazo de exposición pública do expediente de trinta (30) días hábiles.

Con data 12.11.2026 a secretaría expide certificación onde se fai constar que no prazo de exposición pública non se presentaron alegacións ou reclamacións ó acordo de aprobación inicial.

Con data 12.11.2026 dítase o decreto da alcaldía núm. 630/2026, polo que se recoñece a elevación a definitivo do acordo inicialmente adoptado e se ordena publicar a aprobación definitiva.

Conforme ó establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise pública a aprobación definitiva, publicándose o texto refundido da ordenanza.

Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

Artigo 1. Fundamento legal

O Concello de Boqueixón establece o prezo público pola prestación dos servizos públicos que oferta a Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón (EIM, en adiante), ao abeiro do disposto na Constitución Española, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social, modificado pola Resolución de 10 de maio de 2017, pola que se actualizan os prezos das escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Consellería de Política Social, Ordes de convocatoria anuais de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da Comunidade Autónoma de Galicia para as escolas infantís 0-3, Regulamento de réxime interno da EIM de demáis normativa de aplicación.

Artigo 2. Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible do prezo a prestación dos servizos da EIM, entre os que se encontran a atención asistencial e educativa dos nenos e nenas menores de 3 anos, o comedor e outros servizos de carácter básico, nos termos e condicións reguladas no Regulamento de réxime interno da EIM.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas que resulten beneficiadas polo servizo que constitúa o feito impoñible do prezo público.

Tendo en conta que as persoas usuarias do servizo gravado por este prezo son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuaran no seu nome, cos efectos previstos na lei xeral tributaria, os seus/súas pais/nais, titores/as legais ou calquera outro a quen corresponda o exercicio da patria potestade

Artigo 4. Cota tributaria

1 **Base impoñible.** A base impoñible estará constituída polos servizos prestados de acordo coas normas de funcionamento interno da EIM, a Resolución do 10 de maio de 2017 (incluídas as reducións correspondentes) pola que se actualiza os prezos das escolas infantís, en cumprimento do expresado no Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro coas súas modificacións e actualizacións correspondentes así como por calquera outra normativa de aplicación

2 **Servizos de atención educativa e comedor.** O servizo de atención educativa está bonificado ao 100% pola Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas ordes de convocatoria da subvención que aproba anualmente. Porén, no caso de incumprimento da obriga de asistencia prevista nas normas de funcionamento interno e na normativa autonómica reguladora

Número de anuncio 2026/7491

da bonificación, os/as proxenitores, titores/as ou representantes legais dos/as menores afectados, quedarán obrigados a abonar o importe correspondente polo servizo de atención educativa que lles corresponde.

No suposto de asistencias educativas en réxime de media xornada, o importe de atención educativa verase reducido á metade.

No caso de que algún menor teña concedido o servizo de comedor por días soltos, a contía a abonar por cada día de servizo ascende a 4,23 €. Este prezo non estará suxeito a ningún tipo de desconto.

Contías en función do IPREM	Atención educativa	Comedor	Total
Do 0 % ao 30 % IPREM: 0,00 € a 180,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Do 30 % ao 50 % IPREM: 180,01 € a 300,00 €	0,00 €	17,45 €	17,45 €
Do 50 % ao 75 % IPREM: 300,01 € a 450,00 €	34,91 €	17,45 €	52,36 €
Do 75 % ao 100 % IPREM: 450,01 € a 600,00 €	69,81 €	26,45 €	96,26 €
Do 100 % ao 125 % IPREM: 600,01 € a 750,00 €	112,13 €	37,02 €	149,15 €
Do 125 % ao 150 % IPREM: 750,01 € a 900,00 €	133,29 €	52,89 €	186,18 €
Do 150 % ao 200 % IPREM: 900,01 € a 1.200,00 €	147,05 €	63,47 €	210,52 €
IPREM máis de 200 % Máis de 1.200,01 €	169,26 €	74,05 €	243,31 €

Os servizos de asistencia educativa e comedor (mes completo) poderán verse reducidos cos seguintes descontos:

Concepto	Desconto
Familias numerosas:	20%
Familias monoparentais	20 %
Irmáns ou irmás na EIM	20 % no segundo irmán ou irmá e seguintes
Ingreso entre o día 16 e final do mes	50 % nese mes
Baixas anteriores ao día 15 do mes	50 % nese mes
Familias con rendas per cápita igual ou inferior a 7.500,00 € ao ano	Exención a partires do 2º fillo/a na EIM
Familias acolledoras de menores con medidas administrativas de garda ou tutela	Exención
Suspensión temporal debidamente xustificada e resolta polo órgano competente	50% no mes da suspensión cando supere máis de 15 días de ausencia continuado 100% no mes da suspensión cando a ausencia teña lugar no mes completo.

3 **Matrícula na EIM.** A contía de matrícula será de 50 euros, por curso escolar para o alumado de renovación e de novo ingreso.

Esta contía non estará suxeita a ningún tipo de desconto e será bonificada ao 100% pola Xunta de Galicia.

4 **Tarifa material.** Establécese unha tarifa por material con dúas cotas de 15,00 € ao ano (novembro e marzo)

5 **Horario amplo.** A contía para o horario amplo igual ou superior á 9ª hora concedida previa xustificación será de 21,16 €/mes. Este prezo non estará suxeito a ningún tipo de desconto e é aboado polas familias.

6 **Hora extra.** As horas extras son excepcionais e extraordinarias. A contía por cada hora extra concedida previa xustificación será de 21,16 €/hora. Este prezo non estará suxeito a ningún tipo de desconto e é aboado polas familias.

No caso de menores con demanda de asistencia superior a 8 horas de forma continuada, deberán solicitar horario amplo e non hora extra.

7 **Servizo de comedor.** Os/as nenos/as que utilicen o servizo de comedor deberán estar na EIM media hora antes da asinada para o xantar, si un usuario habitual de dito servizo non o vai utilizar deberá avisar antes das 11:00 horas.

As comidas serán elaboradas polo persoal de cociña da EIM e o servizo será atendido por educadoras co fin de que os/as nenos/as adquiran hábitos relacionados coa educación e coa autonomía persoal.

Número de anuncio 2026/7491

Artigo 5. Vindicación e período impositivo

A remuneración ou obriga de pagamento do prezo público prodúcese no momento de alta na EIM o que se produce coa formalización da inscrición ou matrícula oficial, do/a neno/a para cada curso, xurdindo en este momento concreto a obriga de contribuír.

Artigo 6. Revisión de prezos

Ao longo do curso poderase revisar o prezo fixado inicialmente, nos seguintes casos:

a. Modificación das circunstancias que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos.

b. Diminución ou incremento dos ingresos en máis do 20 % en cómputo anual respecto aos declarados na solicitude de praza ou, de ser o caso, nunha variación posterior. Estas variacións deberán ter unha duración dun mínimo de seis meses para ser tomadas en consideración e xustificaranse por medio da declaración do IRPF, dun certificado emitido pola AEAT ou por calquera outra documentación que, a xuízo do concello de Boqueixón, xustifique e permita un novo cálculo da renda per cápita da unidade familiar.

c. A variación no número de membros da unidade familiar.

Neste senso, a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

A modificación do prezo será resolta pola comisión de baremación, seguimento e control e aplicarase a partir do primeiro día do mes natural seguinte ao da data da correspondente resolución.

Artigo 7. Normas de xestión

As solicitudes para acceder ós servizos que se prestan na EIM formalizaranse por escrito a través de instancias dirixidas ao alcalde/sa-presidente/a da Corporación, xuntando a documentación sinalada no Regulamento de réxime interno da EIM. Así mesmo o procedemento de admisión e os dereitos e obrigas dos/as usuarios/as serán os establecidos no dito regulamento.

O pagamento dos prezos, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes ao que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, o prezo correspondente a dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

No caso de utilizar os servizos básicos (xantar e atención educativa e asistencial) por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

A non asistencia do/a neno/a durante un período determinado non supón ningunha redución nin exención do pagamento da cota, agás nos casos establecidos no artigo 5 do Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro (ou normativa que o substitúa), mentres non se formalice a baixa correspondente.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

Os suxeitos pasivos aos que fai referencia o artigo 3, non terán a obriga de aboar a cota que corresponda durante os seguintes períodos:

- o mes de vacacións anual do/a neno/o.
- cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

Artigo 8. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións aterase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complemente e desenvolvan.

Artigo 9. Protección de datos

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os seus datos serán incluídos nun ficheiro do que é titular Concello de Boqueixón e poderán ser utilizados para prestarlle o servizo solicitado a través desta instancia. Informámoslle ademais que poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no domicilio de concello de Boqueixón en correo@boqueixon.es / concello@boqueixon.com

Disposición adicional

Para o non previsto nesta ordenanza fiscal estarase ao disposto no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, Lei Xeral Tributaria e disposicións concordantes.

Número de anuncio 2026/7491

Disposición derrogatoria

Quedarán derrogada a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de escola municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no *Boletín Oficial da Provincia (BOP)*, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Boqueixón, 13 de novembro de 2026

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

2026/7491